

Teixeiro e Curtis dan a benvida ao Nadal cunha ampla programación chea de actividades festivas

Os pobos de Teixeira e Curtis prepáranse para iluminar o Nadal cunha serie de eventos pensados para o disfrute de veciños e visitantes. Música, gastronomía e tradicións únense nunha programación que promete encher de maxia estas datas tan especiais.

Estas son diferentes eventos e datas:

- **Encendido do poboado de Nadal en Teixeira realizado pola Asociación de Comerciantes de Teixeira.**
O próximo **6 de decembro**, ás **19:00 horas**, Teixeira inaugurará o seu **poboado navideño** cun acto que incluíra música e aperitivos para os asistentes. Una cita imprescindible para comezar a vivir o ambiente navideño.
- **Encendido do poboado de Nadal realizado pola Asociación de Comerciantes de Curtis e chocolatada e panxoliñas organizado pola Asociación Amigos de Curtis.**
O Nadal chegará a **Curtis** o **7 de decembro**, primeiro ás **18:30 horas** cos **Cantos de Taberna** con Panxoliñas na rúa con voz en vivo, que aportarán un toque de folclore e diversión á celebración. A continuación, ás **20:30 horas** **encendido do poboado de Nadal** ubicado no solar do antigo Telégrafos e chocolatada para entrar en calor.
- **Mercado de Nadal en Curtis** organizado pola Asociación de Comerciantes de Curtis e que conta coa colaboración do Concello de Curtis e a Asociación de Feiras e Mercados.
Os días **14 e 15 de decembro**, o **Recinto Ferial de Curtis** será o escenario do **mercado de Naval**, que contará con atraccións infantís, cun ambiente festivo, casetas decoradas e do comercio local, zona lúdica e de hostelería. Unha oportunidade perfecta para disfrutar en familia do Nadal, buscar agasallos de Nadal e apoiar ao comercio local así como da gastronomía.

O Nadal en Teixeira e Curtis promete ser unha experiencia inolvidable para todos os públicos. Dende os primeiros encendidos ata o animado mercado de Nadal, a programación está deseñada para que veciños e visitantes celebren estas datas con alegría e tradición.